



Nº 64 - 2023

CIG

Boletín
Sindical

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

Un 2023 de loitas e mobilizacións

O ano 2023 comeza marcado pola elevada carestía da vida, o empobrecemento xeneralizado dos salarios, os chamados a un pacto de rendas, a profunda crise industrial (que afecta a comarcas enteiras do noso país) e as previsións de aprobar recortes con novas reformas, como a das pensións, aumentando o período de cálculo, ou a privatización do Servizo Público de Emprego.

Pola contra, non hai indicios de que a suba do SMI nos achegue aos 1.197€/mes (o 60% do salario medio, como recomenda a Carta Social Europea); que se vaia derrogar a lei mordaza ou que se afronte unha reforma fiscal profunda para facela realmente progresiva e redistribuidora da riqueza.

As medidas postas en marcha polo Goberno español resultan insuficientes para frear os efectos devastadores dos altos prezos, mentres vemos como o Goberno galego permanece sumido na inacción ou, no peor dos casos, aplicando políticas que afondan no carácter dependente de Galiza.

No mundo do traballo, baixo novas formas contractuais, medra a flexibilidade e a inestabilidade laboral, baixan os salarios e avanza imparábel a precariedade; consecuencia de sacar adiante unha nova regulación laboral sen ter derrogado na súa integridade as regresivas reformas de 2010 e 2012.

A isto súmase a decisión do Goberno de prorrogar a xubilación parcial por contrato relevo só para a industria manufactureira (e só para determinados postos), mantendo a discriminación ao non ser un dereito para o conxunto da clase traballadora e privando deste a moitas persoas que padecen unhas condicións laborais precarias e moi penosas.

Por iso, neste 2023, estamos chamados e chamadas ao conflito ante a



patronal e ante os Gobernos, a intensificar as loitas e as mobilizacións para conseguir un cambio radical nas políticas e que o custo da crise non recaia sobre as maiorías sociais, e para que non nos rouben o dereito a negociar en Galiza os nosos convenios colectivos.

Mais tamén para frear o recorte que nos pretenden impor nun dereito que tanto lle custou conquistar á clase obreira, como é o sistema público de pensións. Porque governe quen governe, as políticas favorábeis ás clases populares temos que loitalas.

Intervención pública

Precisamos políticas de intervención pública na economía e nos sectores estratéxicos para evitar que se agudice o empobrecemento xeneralizado que está a padecer a clase traballadora. Pois, como lembra o secretario xeral, Paulo Carril, "canto máis tarde o Goberno en poñer en marcha estas medidas, que tampouco introduciu nos Orzamentos Xerais do Estado, máis profunda será a ferida social provocada pola descontrolada suba de prezos".

Resulta inxustificábel deixar á marxe da rebaixa do IVE produtos básicos para a alimentación como o peixe e

a carne, e advirte das consecuencias que ten para as economías familiares a supresión do desconto no prezo dos carburantes ou non conxelar a suba dos prezos dos alugueiros e hipotecas para todo o ano.

Crítica que a alternativa se limite a un cheque que non é máis que un parche que deixa fóra moitas familias. "Dos gobernos non necesitamos beneficencia, senón que recoñezan o dereito a termos uns ingresos dignos (incremento do SMI, Renda de Inserción Laboral...), o que é incompatíbel co pacto de rendas que pretenden aprobar".

Diante da grave situación económica, a CIG demanda un verdadeiro Plan de Choque que contemple a redución do custo da luz a través, entre outras medias, da creación dunha Tarifa Eléctrica Galega; fixar o SMI en 1.197€/mes; recoñecer o dereito á xubilación ordinaria aos 65 anos ou recuperar a xubilación parcial aos 61, como medida de creación de emprego.

A loita social ten un importante e decisivo papel a xogar "sen medos e sen resignación, porque está en risco o noso futuro: que a clase traballadora e o pobo galego sexamos quen pague-mos, máis unha vez, esta nova crise".

Dez verdades sobre as pensións para acabar xa coas mentiras

As pensións públicas levan anos sendo obxecto de duros ataques polo interese do capital de facer negocio, amedrentando a poboación para que a súa capacidade de aforro se dirixa aos fondos privados de pensións. O Goberno español ultima agora a segunda parte da reforma exixida por Bruxelas para poder acceder ás axudas de reconstrución, que suporá, entre outras cuestións, incrementar até os 30 anos o período para o cálculo da pensión e un recorte das contías futuras.

Esta reforma contén aspectos que supoñen un duro ataque aos dereitos da clase traballadora, empeorando mesmo a reforma do ano 2011 contra da que a CIG en solitario convocou unha folga xeral. Ante o medo a contestación popular, o Goberno de PSOE-UP, como antes xa fixera o do PP, apóiase máis unha vez no diálogo social, en CCOO e UGT, para perpetrar este roubo ás clases populares.

Por iso, para clarificar as consecuencias desta reforma, a CIG vén de lanzar a campaña "as 10 verdades sobre as pensións, para acabar xa coas mentiras".

Recortar as contías

Ampliar aos 30 anos o período de cálculo das pensións suporá un novo recorte das contías de entre un 6%-8%. Aprobar máis reformas mantendo todas as anteriores, especialmente a de 2011, está a causar unha caída progresiva das pensións do 25%, por causa do impacto que ten a ampliación da idade de xubilación dos 65 aos 67 anos e o aumento do período de cálculo do 15 aos 25 anos.

Ademais, a reforma de xullo de 2021 desliga a suba das pensións do IPC real interanual acumulado, creando un novo indicador, o chamado IPC medio, que non garante o poder adquisitivo dos salarios.

A isto hai que sumar que o Goberno aprobou a prórroga da xubilación parcial por contrato relevo só para a industria manufactureira e nunhas



condicións discriminatorias e de difícil acceso, polo que non se garante o acceso á xubilación parcial aos 61 anos ao conxunto da clase traballadora. Aprobar máis reformas que endurecen as condicións para a xubilación e obrigan a prolongar a vida laboral contribúe a unha maior emigración e a termos máis paro xuvenil.

Privatizar o sistema

Outras das medidas que comprometen o sistema público e solidario de pensións son os chamados Plans de emprego de pensións, que consisten na promoción a través da negociación colectiva de plans privados de pensións no ámbito de cada sector, cuxa xestión correrá a cargo de compañías financeiras e aseguradoras. Súmanse así aos plans privados individuais xa existentes desde hai anos.

Camíñase a un desmantelamento e privatización do actual sistema público de pensións, para convertelo nun sistema asistencial e de beneficencia. Estes plans empobrecerán máis os salarios (e as pensións futuras) porque se fan con base no salario das persoas traballadoras, mentres as empresas terán suculentas desgravacións fiscais, causando todo iso unha redución dos ingresos da caixa da Seguridade Social e de impostos, coa

agravante de que, ao ser privado, maior é o risco para as persoas traballadoras.

Conquista social

A Seguridade Social é unha conquista histórica da clase traballadora e a defensa do sistema público de pensións é un dereito irrenunciábel que debemos manter a toda costa. Por iso, a CIG continuará mobilizándose para exixir a derogación íntegra das reformas laborais e das contrarreformas das pensións, nomeadamente as de 2011 e 2013.

Cómpre recuperar a xubilación aos 65 anos, e voluntaria a partir de ter 35 anos cotizados; que o cálculo da base reguladora se faga segundo as bases de cotización actualizadas a data de reporte da pensión co IPC de todo o tempo transcorrido, dun período de 10 anos elixido pola persoa beneficiaria; e que as pensións se actualicen de acordo ao IPC interanual acumulado.

Tamén suprimir o factor de sustentabilidade ou calquera outro que o substitúa, como o actual Mecanismo de Equidade Interxeracional, que supoña unha baixada xeneralizada nas pensións do futuro; e fixar por lei a pensión mínima igual ao SMI (que debe estar situado nos 1.197€, é dicir, o 60% do salario medio como recomenda a Carta Social Europea).



O persoal de Vegalsa-Eroski da Coruña, en loita para volver ao convenio sectorial

O pasado 18 de decembro centos de traballadoras e traballadores de Eroski e Vegalsa (que en Galiza operan como unha sociedade ao 50%) manifestábanse nas rúas da Coruña para exixiren condicións salariais e laborais dignas. Con esta marcha, a CIG iniciaba a campaña de mobilizacións para demandarlle á empresa que regrese ao convenio colectivo provincial do comercio de alimentación, do que saíu en 2006 para aplicar un convenio propio (negociado en Madrid con CCOO, UGT e FETICO) de condicións inferiores.

O resultado de afastar a negociación colectiva é que o persoal desta cadea ten actualmente as peores condicións económicas de todo o sector, a tal punto que a diferenza salarial co convenio provincial da Coruña (para persoal coa mesma antigüidade e categoría) chega aos 3.000 euros anuais.

Pero ademais, as empregadas e empregados de Vegalsa-Eroski tamén perderon o plus de transporte e viron como empeoraban as súas condicións de traballo no referido a xornada e licenzas. As delegadas da CIG denuncian que no convenio de Eroski o tempo de descanso para as xornadas



superiores a 6 horas non se contabiliza como tempo de traballo efectivo, “o que supón que cada ano traballamos unhas 70 horas máis que as compañeiras e compañeiros de Gadis ou Froiz, que están no convenio provincial”.

Xunto a isto, explican que tampouco teñen recoñecidos os tres días de asuntos propios nin o dereito a coller tres sábados ao ano sen que se mova o resto do calendario.

As delegadas da CIG critican a negativa Vegalsa-Eroski a negociar e

exíxennlle que cumpra co disposto na reforma laboral, que establece que un convenio de empresa non pode ter condicións inferiores ás do convenio de sector, como é o caso.

Pero Vegalsa-Eroski, en vez de regresar ao convenio sectorial, está manobrando para sortear esta obriga legal, polo que a CIG, a maiores das mobilizacións dos días 18 e 28 de decembro e 4 de xaneiro, non descarta a convocatoria de folga nos centros de traballo da provincia da Coruña.

O XI Encontro Nacional de Mulleres da CIG terá lugar o próximo 25 de xaneiro en Lugo

O próximo 25 de xaneiro terá lugar en Lugo o XI Encontro Nacional de Mulleres da CIG no que se abordará a preparación da campaña do 8 de Marzo, “Día Internacional das Mulleres Traballadoras”.

A secretaria das Mulleres da CIG, Nicolasa Castro, explica que os contidos a tratar neste encontro “tocan aspectos fundamentais como a defensa da recuperación dos nosos salarios fronte á subida e os prezos, a análise dos efectos da reforma laboral, os atrancos á conciliación que expulsan as mulleres

do traballo remunerado, os efectos dos recortes dos servizos públicos nas nosas vidas, a condena á pobreza na vellez a través das reformas das pensións e o non recoñecemento de dereitos laborais en igualdade de condicións para as empregadas do fogar”, sinala.

Organización do 8 de Marzo

Aproveitarase tamén para facer unha planificación da campaña, así como o deseño dos actos que a CIG vai convocar o propio 8 de Marzo. “Queremos que teñan especial relevancia as com-

pañeiras que protagonizaron as folgas de sectores feminizados, como as traballadoras do SAF ou as de Inditex, e ao igual que nas convocatorias anteriores, devolverlle á conmemoración do 8 de Marzo o contido de clase”.

Por último, Castro adiante que no Encontro Nacional abordarase a participación da CIG nas campañas e actos que se desenvolvan desde o feminismo galego, “como viñemos facendo en anos anteriores, nomeadamente desde a Marcha Mundial das Mulleres da que facemos parte”.

Pola defensa e a mellora do sistema público

SOS Sanidade convoca unha manifestación en Santiago o 12 de febreiro contra o paulatino desmantelamento da Atención Primaria

A plataforma SOS Sanidade Pública vén de anunciar a convocatoria dunha manifestación nacional o vindeiro domingo 12 de febreiro en Santiago de Compostela pola defensa e a mellora do sistema público. Con esta marcha, que arrincará dende a Alameda ás 12:00 horas, o colectivo pretende deixar claro tamén que “queremos a nosa Atención Primaria”.

Dende SOS Sanidade denuncian que a Consellaría leva anos recortando e desmantelando os recursos do sistema público galego, especialmente na Atención Primaria, coa finalidade de reducir gasto e favorecer a sanidade privada, “que medra de maneira imparábel”. Censuran tamén que os responsábeis do Sergas sexan incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, “poñendo en cuestión a continuidade deste sistema”.

Entre outras cousas, citan as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por enriba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc, “cuestións que impiden o acceso normal á asistencia sanitaria por parte da poboación e crean listas de agarda inaceptábeis”.

Como consecuencia, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade “incompatíbeis cunha atención de calidade”.



Por iso dende SOS Sanidade están a promover mocións nos Concellos e nas Deputacións nas que se reclama apoio para a Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola plataforma, coa que se pretende que o Parlamento galego debata e aprobe unha serie de medidas encamiñadas a establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas; fixar uns mínimos na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención; acabar coa inestabilidade e a precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas; reabrir as consultas, centros de saúde e PAC de urxencias pechados durante os últimos anos.

Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal, incorporando novas categorías profesionais aos equipos como psicoloxía, fisioterapia,

atención temperá, logopedia, etc., para desmedicalizar a atención e ofrecer unha asistencia integrada.

Mais tamén recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotalas de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais. “Que sexan o elemento esencial para organizar e integrar a Atención Primaria cos hospitais, saúde pública, asistencia social e atención á dependencia”; desenvolver as conclusións do Consello Técnico de Saúde de Galiza; e poñer en marcha o Consello de Saúde de Galiza e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, “para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros”.

Aprobación urgente

Todas estas medidas, recollidas na ILP, deberían aprobarse de maneira urgente polo Parlamento dada a gravidade da situación da Atención Primaria, “en risco real de desmantelamento e privatización”, e ir acompañadas dun incremento do orzamento de Atención Primaria até alcanzar o 25% do total.

Nas mocións incídese en que as institucións locais son esenciais no proceso de recuperar os recursos, garantir a accesibilidade á asistencia, desmasificar as consultas, reabrir os centros e PAC pechados e acabar coas listas de espera que son incompatíbeis cunha asistencia racional e de calidade, “antes de que sexa demasiado tarde”.

Por iso se lles insta a acordar, ademais de apoiar a ILP, colaborar activamente na recollida de sinaturas e nas mobilizacións e actividades informativas de carácter unitario que se realicen.